



Guía Docente				
Datos Identificativos				2012/13
Asignatura (*)	Lingua Galega 2	Código	613G01014	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Prerrequisitos				
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación	Freixeiro Mato, Xose Ramon	Correo electrónico	ramon.freixeiro@udc.es	
Profesorado	Freixeiro Mato, Xose Ramon López-Iglesias Sanmartin, Roberto Sanchez Rei, Xose Manuel	Correo electrónico	ramon.freixeiro@udc.es roberto.samartin@udc.es x.m.sanchez.rei@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo normativo da lingua galega			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)			Competencias da titulación
Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega	A4		
Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega	A9		
Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións	A10		
Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada	A11		
Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos á práctica	A15		
Coñecer a situación sociolingüística da lingua galega	A20		
Coñecer a variación lingüística da lingua galega	A21		
Coñecer a historia e a cultura da comunidade galega	A18		
Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información		B1	
Adquirir capacidade de autoformación		B3	
Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno		B4	
Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas		B5	
Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva		B6	
Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico		B7	
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma			C1
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse			C6
Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.	A14		

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Introducción. Lingua galega, norma e usos	1.1. A lingua galega na perspectiva histórica e na actualidade 1.2. Gramática descritiva e gramática prescritiva 1.3. A norma, a variación lingüística e as interferencias



2. A planificación do status da lingua galega	2.1. A planificación lingüística e a planificación da lingua galega 2.2. O marco legal do galego: evolución histórica e situación actual 2.3. O galego na Administración, no ensino e noutros ámbitos
3. A planificación do corpus da lingua galega	3.1. O proceso de estandarización do galego 3.2. O marco normativo actual 3.3. A planificación do léxico
4. As modalidades de galego	4.1. Galego popular e galego culto 4.2. A evolución do galego escrito moderno 4.3. As variedades de galego oral e a súa caracterización
5. A calidade lingüística	5.1. Algúns trazos gráfico-fónicos 5.2. Principais aspectos morfosintácticos 5.3. Particularidades léxicas e pragmáticas
6. Análise e construción de textos orais e escritos	6.1. O texto: definición, propiedades e tipoloxía 6.2. Análise, organización e elaboración de textos orais 6.3. Comentario, organización e redacción de textos escritos

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Proba mixta	1	5	6
Traballos tutelados	2	20	22
Sesión maxistral	20	30	50
Presentación oral	3	7	10
Recensión bibliográfica	1	3	4
Seminario	6	8	14
Lecturas	1	3	4
Obradoiro	4	13	17
Estudo de casos	6	16	22
Atención personalizada	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Proba mixta	Instrumento de avaliación dos contidos focados nas "Sesións Maxistrals" (vid).
Traballos tutelados	Actividade integrada no desenvolvemento dos "Seminarios" (vid) destinada a fomentar a aprendizaxe autónoma e colaborativa entre o alumnado.
Sesión maxistral	Presentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedimentais fundamentais para o alumnado atinxir as competencias e destrezas previstas na materia. A avaliación será feita a través dunha "Proba Mixta" consistente na realización dunha proba destinada a avaliar a competencia e o desempeño atinxidos en relación a aqueles contidos teóricos expostos polo profesorado durante esas sesións na sala de aulas. Esta proba estará focada preferentemente para a realización de ensaios teóricos (desenvolvemento de temas ou comentarios) ou para análises específicas de textos escritos ou de calquera outro material utilizado ao longo das sesións presenciais.
Presentación oral	O "Traballo Tutelado" será acompañado e presentado nos "Seminarios" necesarios ao efecto (véxanse os ítems marcados entre aspas). A calidade da lingua utilizada, os recursos e estratexias expositivas empregados, así como a clareza e arrumazón dos contidos vehiculados constitúen os principais elementos a levar en conta polo alumnado neste tipo de actividade.



Recensión bibliográfica	Derivada da "Lectura" contemplada na estrutura dos "Seminarios" realizados ao longo do curso académico (vid termos entre aspas). Como todos os materiais será disponibilizada para o conxunto da turma através da plataforma moodle.
Seminario	<p>Ao longo dos "Seminarios" (grupos reducidos) será realizado o acompañamento dos labores propios da materia.</p> <p>Serán atendidas especificamente as seguintes cuestións:</p> <p>1) Un TRABALLO TUTELADO elaborado utilizando metodoloxías con base na "aprendizaxe colaborativa", do cal se deriva tamén a correspondente "Presentación Oral".</p> <p>Este traballo consiste nunha actividade en grupo reducido (dúas ou tres persoas, en función do volume de matrícula) na cal deberá ser realizado un estudo cualitativo dun discurso en lingua galega de acordo cos parámetros e os modelos fornecidos polo profesorado na sala de aulas.</p> <p>O procedemento para a realización deste traballo consiste en:</p> <ul style="list-style-type: none">- selección dun discurso público (oral en formato audiovisual) para a súa análise de acordo cos parámetros teóricos fornecidos polo docente,- elaboración dun roteiro específico e unha memoria da actividade,- acompañamento periódico por parte dos docentes dos labores relacionados coa actividade, quer na sala de aulas, quer no atendimento personalizado,- preparación de materiais para a presentación de resultados,- exposición na sala de aulas, e- disponibilización para o conxunto do alumnado a través da plataforma moodle. <p>2) Unha LECTURA seleccionada entre unha listaxe fornecida polo profesorado e a correspondente "Recensión bibliográfica" individual, realizada de acordo cos modelos e os parámetros fornecidos polo docente, e que despois deberá ser disponibilizada para o conxunto do grupo a través do moodle.</p> <p>3) Cada alumno/a deberá presentar oralmente ao conxunto da turma os procesos e os resultados do Traballo Tutelado realizado. Durante esa presentación oral, o alumnado deberá utilizar os recursos tecnolóxicos precisos ao efecto e demostrar a asunción e a aplicación práctica dos contidos, destrezas e competencias abordados durante o curso.</p>
Lecturas	Tarefa integrada nos traballos propios dos "Seminarios" (vid).
Obradoiro	<p>Durante as sesións aquí identificadas como "Obradoiros" (grupos medios), o conxunto do alumnado realizará actividades de diferente tipoloxía destinadas á consolidación dos contidos presentados nas sesións maxistras, así como das destrezas e das estratexias relacionadas coa expresión oral e escrita que fan parte dos obxectivos da materia.</p> <p>Entre estas actividades contéplanse, alén doutras, a análise de fontes documentais, a resolución de problemas, as prácticas a través de TIC, probas de varia tipoloxía e, sobre todo, estudos de caso.</p>
Estudo de casos	Integrados no desenvolvemento tanto dos "Seminarios" como dos "Obradoiros" (vid).

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	<p>Ao lado do labor de acompañamento realizado no horario de atendimento marcado polo profesor responsábel polo seminario, a atención personalizada estará dirixida especialmente (que non unicamente) para o apoio á realización do "Traballo Tutelado". De maneira xeral, cada alumno/a asistirá polo menos a unha sesión de atendimento previa á exposición do traballo.</p> <p>Para a realización das actividades previstas e a fin de obter unha orientación adecuada, é fundamental que o alumnado comunique de maneira fluída e frecuente tanto os seus progresos como as súas eventuais dificultades. Alén diso, cada estudante poderá realizar toda clase de consultas en relación ao desenvolvemento do traballo, quer no horario de atendimento quer através do correo electrónico</p>



Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Proba mixta	Serán avaliadas a corrección lingüística e expositiva, así como a adecuación entre o exposto na proba mixta e os contidos presentados e estudados nas sesións maxistras.	30
Traballos tutelados	Serán avaliadas a corrección lingüística, as estratexias e procedementos expositivos utilizados, a participación ao longo dos traballos realizados nos "seminarios" destinados ao efecto, os contidos focados e os resultados do proceso ensino-aprendizaxe canto á consecución dos obxectivos procurados co "Traballo Tutelado".	20
Presentación oral	Será avaliada a calidade lingüística, o dominio do contido, a organización e a secuencia expositiva, a clareza e precisión na exposición, a interacción co auditorio, o uso do tempo dispoñíbel, a utilización dos recursos tecnolóxicos, o traballo en equipo e a utilidade da presentación para os propósitos da materia.	10
Recensión bibliográfica	Será avaliada a capacidade do alumnado para a lectura analítica e crítica, a corrección lingüística, a clareza expositiva (coherencia e cohesión), a capacidade de síntese, a hierarquización de contidos e a adecuación de forma e fondo.	15
Estudo de casos	Será avaliada a participación e o traballo en equipo, a capacidade analítica e crítica, e a adecuación aos obxectivos formulados polo profesorado para cada actividade destas características.	25

Observacións avaliación

Todas as actividades deberán ser entregadas de acordo cos prazos e os procedementos fixados no cronograma que o profesorado fornecerá ao alumnado no inicio das sesións e pendurará na plataforma moodle. O estudiantado a tempo parcial e con dispensa académica entregará as actividades obrigatorias nunha data concertada previamente cos profesores.

Os criterios específicos de avaliación para cada unha das tarefas serán oportunamente disponibilizados polo profesorado responsábel da materia en formato "rúbrica" na sala de aulas ou a través do moodle, xunto coas instrucións a seguir para o correcto desenvolvemento de cada unha das actividades previstas.

As persoas que non superaren a materia de acordo coa avaliación continuada deberán entregar en xullo, nas datas marcadas aos efectos de avaliación pola Facultade de Filoloxía, os traballos que foren solicitados e superar tamén aquelas probas (orais e/ou escritas) marcadas polo profesorado responsábel da materia.

Será considerado Non Presentado aquel alumno ou alumna que non se presentar ás probas escritas ou que non presentar ningunha das actividades.

Fontes de información



Bibliografía básica

- Álvarez de la Granja, M. / González Seoane, E. X. (eds.) (2003) (2003). A estandarización do léxico. Santiago de Compostela. Instituto da Lingua Galega e Consello da Cultura Galega
- Sanmartín Rei, G. (coord.) (2007). Criterios para o uso da lingua . A Coruña. SNL da Universidade, 2ª ed.
- Koch, I. G. V. (2005). Desvendando os segredos do texto. São Paulo: Cortez, 4ª ed.
- Hernández Guerrero, J. A. / M. C. García Tejera (2004). El arte de hablar. Manuel de Retórica Práctica y de Oratoria Moderna. Barcelona. Ariel
- Monteagudo, H. (ed.) (1995). Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto. Vigo: Galaxia
- López Viñas, X. / Lourenzo Modia, C. / Moreda Leirada, M. (2010). Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión. A Coruña: Bahía
- Feixó Cid, Xosé (2004). Gramática da lingua galega. Vigo. Xerais
- Vilela, M. / I. Villaça Koch (2001). Gramática da Língua Portuguesa . Coimbra: Livraria Almedina
- Hermida Gulías, Carme (2004). Gramática práctica (Morfosintaxe) . Santiago de Compostela: Sotelo Blanco
- Estrela, E. / J. D. Pinto-Correia (2001). Guia Essencial da Língua Portuguesa para a Comunicação Social. Lisboa. Editorial Notícias
- Cassany, D (2008). La cocina de la escritura. Barcelona. Anagrama
- Koch, I. G. V. / V. M. Elias (2006). Ler e comprender os sentidos do texto.
- Freixeiro Mato, X. R. (2009). Lingua de calidade. Vigo. Xerais
- Ríos Noia, M. / M. L. Pita Rubido / R. J. Nogueiro Gómez / B. Brozos Mera (2007). Manual de documentos administrativos. A Coruña. Servizo de Normalización Lingüística / Servizo de Publicacións, Universidade da Coruña
- Freixeiro Mato, X. R. (2006). Manual de gramática galega. Vigo. A Nosa Terra
- García Cancela, X. / C. L. Díaz Abreira (1994). Manual de linguaxe administrativa. Santiago de Compostela. Escola Galega de Administración Pública / Xunta de Galicia
- Bassols, M. / A. M. Torrent (1997). Modelos textuales. Teoría y práctica. Barcelona. Octaedro
- Sanmartín Rei, G. (2008). Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación. Vigo. Xerais
- Rodrigues Fagim, V. (2001). O galego (im)posível. Santiago de Compostela. Laiovento
- Estrela, E. / M. A. Soares / M. J. Leitão (2004). Saber Escrever Saber Falar. Lisboa. Dom Quixote
- Sanmartín Rei, G. (coord.) (2007). Sobre a calidade da nosa lingua. A Coruña. SNL da Universidade, 2ª ed.
- García Negro, M. P. (ed.) (2009). Sobre o racismo lingüístico. Santiago de Compostela. Laiovento



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - Koch, I G. V. (1992). A inter-ação pela linguagem. São Paulo: Contexto - Sánchez Rei, X. M. (2006). A lingua galega no cancionero de Pérez Ballesteros. Santiago de Compostela: Liovento - Marcuschi, L. A. (2001 [1986]). Análise da conversação. São Paulo: Ática - Kerbrat-Orecchioni, C. (2006). Análise da conversação. Princípios e métodos. São Paulo: Parábola - Vallejo-Nágera, J. A. (1990). Aprender a hablar en público hoy. Barcelona: Planeta - Garrido, C. (2001). Aspectos Teóricos e Práticos da Tradução Científico-Técnica (Inglês & Galego). Ourense: Associação Galega da Língua - Reyes, G. (1998). Cómo escribir bien en español. Manual de redacción. Madrid: Arco Libros - Moreira, I. (2007). Correspondência Comercial. Lisboa: Edições Técnicas e Profissionais - Marcuschi, L. A. (2000). Da fala para a escrita. São Paulo: Cortez - Freixeiro Mato, X. R. (2006 [2003]). Gramática da lingua galega IV. Gramática do texto. Vigo: A Nosa Terra - Serrano Serrano, J. (2002). Guía práctica de redacción. Madrid: Anaya - Koch, I. G. V., A. C. Bentes e M. M. Cavalcante (2007). Intertextualidade: Diálogos Possíveis. São Paulo: Cortez - Koch, I. G. V. (2004). Introdução à lingüística textual. São Paulo: Martins Fonte - Plantin, Ch. (1998). La argumentación. Barcelona: Ariel - Fuentes Rodríguez, C. / E. R. Alcaide Lara (2007). La argumentación lingüística y sus medios de expresión. Madrid: Arco Libros - Weston, Anthony (2004). Las claves de la argumentación. Barcelona: Ariel, 9ª ed - Calsamiglia Blancafort, H. / A. Tusón Valls (1999). Las cosas del decir: manual de análisis del discurso. Barcelona: Ariel - Adam, J. M. (1992). Les textes: Types et prototypes. Paris: Nathan - Marcuschi, L. A. (1983). Lingüística do texto: o que é e como se faz. Recife: Universidade Federal de Pernambuco - Fuentes Rodríguez, C. / E. R. Alcaide Lara (2002). Mecanismos lingüísticos de la persuasión: cómo convencer con palabras. Madrid: Arco/Libros - Koch, I. G. V. (1997). O texto e a construção dos sentidos. São Paulo: Contexto - Zinsser, W. (2005). On Writing Well. The Classic Guide to Writing Non-fiction. New York: Collins - Studer, Jürg (2000 [1996]). Oratoria. El arte de hablar, disertar, convencer. Madrid: El Drac - Fernández Rei, E. / X. L. Regueira (eds.) (2008). Perspectivas sobre a oralidade. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega - Santiago Guervós, J. de (2005). Principios de comunicación persuasiva. Madrid: ArcoLibros - Flesch, R. / A. H. Lass (1996). The Classic Guide to Better Writing. New York: Harper Resource - Bordons, G. / J. M. Castellà / E. Costa (1998). TXT La lingüística textual aplicada al comentario de textos. Barcelona: Universitat de Barcelona
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Lingua Galega 1/613G01002

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías